

- **Lugar:** Samartín, SAMARTÍN D'OZCOS.
- **Narradora:** Rosario Méndez Gayol, 71 anos (2007).
- **Recopiladores:** Jesús Suárez López y José Luis Díaz Álvarez.
- **Grabacióis:** *As falas* • *¡Esta nena ta embruxada!* • *A mía vida foi che mui cruda.*

As falas

Eu nun teño problema de falar pulas falas; se hai que falar en castiyanu, se habla en castiyanu; se hai que falar o galego, se fala o galego, y hala. Nun teño problema ningúna. Eu, se hai que falar a fala d'aquí, fábase; se hai que falar a d'alí, fábase, e se hai que falar a de Gijón, fábase. Eu fáloas todas. ¡Eu todas!, así algo chapurrao cumu us cochos, así algo chapurrao; pero, bueno, aquí tamos na raya de Galicia y Asturias.

¡Esta nena ta embruxada!

Nacín en Cuaña el año mil novecientos trenta y seis y teño setenta y un anos. Y aquí tou, esperando a ter más salú. Y ando peliando cua vida como podo. Antes, cuando podía, trabayaba as fincas todas, todas, nun deixaba úa ningunha herba siquiera; pero ahora, ninín, esto acabóuse. Teño qu'andar arrimada a un cayadu facendo despurezas, y antes facíache todo. ¿Qué tía que facer? Iba cuas vacas, mucíalas, dábayes de comer, y andaba pur alí... estrábalas, dábayes pienso a us xatos, dábayes faría a us bois das vacas, y andaba pur alí arrastrada cumu se fora úa culobra, igualito qu'úa culobra andábache arrastrada pur alí.

Cuando eu era pequena andaba meu pai pulu mundu, andábamos pedindo igual que se fóramos gitanos, y nunha casa veu unha muyer y dice ela:

—¡Ai, qué niniña más guapa!, ¡ai, qué niniña más guapa!, ¿quer deixala cumigo, ho?

Y dixo meu pai:

—Non, non, que me costóu muito caro crial.

Dixo:

—Esta inda hai que crial, qu'é mui piquiniña... hala, pois veña cumigo, ven cumigo, niñiña, ven.

Dixo:

—Non, que nun ya dou.

Y chega outra muyer alí y díxoye á veciña que quería leite. Entonces vai a veciña e daye... daye un caxoláu de leite, purque facía as papas; pero despós a muyer, a que ye deu el leite á noite, ponse a mucelas y botaba sangue, botaba sangue sola, entonces chega o home da muyer y díceye ela:

—Pero, coño, ¿cúmu as vacas botan sangue pulu remoyo?

Entonces díceye ela:

—É que tuvo aquí Claudina.

—Diye a Claudina que deixe as vacas cumu taban, y se non ha habe-las de Dios en casa de Cristu.

Hala, veu a muyer p'alí pá corte y cuyéu cuatro loureiros y encendéulus y dixo:

—¡Hala, volve a leite, vaquiña, qu'eu fun a que chu quitéi! ¡Volve a leite, vaquiña, qu'eu fun a que chu quitéi!

Entonces nestas mismas bota a muyer mucer as vacas pula mañá y era leite claro. Y a min, eu cuando iba a misa, al levantar o cáliz eu ladraba cumu se fora un can, ladraba igualito que se fora un can. Entonces dixo u cura:

—¡Coño, esta nena ta embruxada! ¡Esta nena ta embruxada!

Y díxoye:

—Pos tará, porque había úa muyer aí que la chufaba muito.

Entonces vai el cura y púxome us avangelios y hala, fun unha muyer xa cumu outra. Ouía a misa y eu nun ladraba ni nada, rezaba cumu tía que rezar, pero aquela condenada púxome os diabecos. ¡Ai, puxo! Y cun esto nun sei más nada.

A mía vida foiche mui cruda

Éramos oito fiyos y os oito andábamos pulu mundu, de oito anos eu andaba descalza, nun tía alparagatas, nin tía zapatiyas, nin tía nada. ¡Nada! Tía qu'andar descalza por ente a neve y por todo. Un día marchéi desde Caixoiro á Fonsagrada y marchéi descalza por ente a neve, ¡descalza!, qu'eso foiche verdá. Levaba as zapatiyas y úas galochas, pero quedábanme as zapatiyas na neve y as galochas, y marchéi descalza pá Fonsagrada pa o médico, descalza, y alí vestíronme, calzáronme, déronme unhas zapatiyas y volví en zapatiyas pa Caixoiro. ¡En zapatiyas! Sangrábanme as pernas, ninín, purque a neve rozábate, taba xelada, entonces metíaste encima da neve ya pisabas y rascábache a neve nas pernas y aquilo era todo sangue, eu deixaba un rastro pula neve cumu se fora un xabarril. ¡Igual qu'un xabarril! Y a mía vida foiche mui cruda, ¡foiche mui cruda!

017.
ROSARIO MÉNDEZGAYOL
Samartín, SAMARTÍN D'OZCOS

Foto: Jesús Suárez López

